



REVISTA ESCOLAR  
**ESPESPENTO**

Nº 27  
XUÑO 2007

**CEIP DE CAMPOLONGO (PONTEVEDRA)**



## EDITORIAL



Este curso publicamos o número 27 da Revista Escolar Esperpento na que se recollen algunhas das vivencias e das experiencias didácticas deste colexio ao longo do curso escolar 2006-07.

Nas súas páxinas podemos atopar artigos de fondo, de opinión, reportaxes, narracións, novas do centro e pasatempos elaborados polos propios alumnos que son os auténticos protagonistas, xa que ESPERPENTO é feita polo alumnado e para o alumnado.

Tódalas actividades desenvolvidas no colexio son importantes pero non é posible facer unha referencia a cada unha delas, aínda que non podemos deixar de facer unha mención especial ao gran impulso que ao longo deste curso se lle ven dando á Biblioteca, onde un equipo de profesores/as e de alumnos/as adicaron moitas horas de traballo para convertela nun extraordinario recurso didáctico da que fan uso unha grande maioría da comunidade educativa. Grazas e noraboa a todos os que traballades na biblioteca.



Tamén temos que adicar unha mención especial para a V MOSTRA DA CAMELIA DE CAMPOLONGO, que un ano mais centrou a atención da comunidade educativa e dos cultivadores e amigos das camelias, tendo no colexio un lugar de encontro e de disfrute. E como non coa satisfacción da publicación do libro "COÑECENDO A CAMELIA" PARA ALUMNOS DE ATA 6 ANOS.

Outras actividades a destacar das que se recollen referencias nas páxinas interiores son: Magosto Festival de Nadal, Entroido (que este ano por primeira vez se celebrou no colexio e non nunha discoteca exterior), Letras Galegas, Abril dos Libros, Maio, Festival de Fin de Curso, etc.

Queremos adicar a revista deste ano a tres profesores que deixan a súa actividade docente porque se xubilan: Dna. Pilar García Hermina, José Luis Argibay Alvarez e Félix García Pintos, aos que lle desexamos moita felicidade nesta nova etapa da súa vida e ao mesmo tempo queremos felicitarvos polo voso traballo docente.

E por suposto tamén queremos facer unha mención especial para o alumnado de 6º que este curso rematan os seus estudos no colexio para irse ao Instituto, onde vos desexamos moita sorte e pedirvos que non deixedes de visitarnos porque en Campolongo seguides tendo o voso colexio.

E xa para rematar, dende o mirador da Revista Esperpento, desexar a tódolos membros da comunidade educativa de Campolongo unhas felices vacacións e que, estedes onde estedes, sexades felices.

Revista: Esperpento

Nº 27

Ano de publicación: 2007

Colabora: Comunidade Educativa de Campolongo

Correccións: Equipo de Normalización Lingüística

Co agradecemento a tódolos colaboradores coa Revista Esperpento

*José Carlos Otero López*








## SUMARIO

Editorial.....	2
Sumario.....	3
Saúda do Presidente.....	4
Magosto.....	5-11
Visita á panadería Acuña.....	12
Concerto didáctico.....	13-14
Pandeireteiras.....	15-16
Vida e morte no antigo Exipto.....	17
Tamén foi noticia.....	18
Festival de Nadal.....	19-21
A princesa e as seis probas.....	22
Traballando para a revista.....	23
O medo.....	24-27
A Paz.....	28-32
Visita á depuradora.....	33
Entroido.....	34
Adiviñas.....	35-38
Como coidar o medio ambiente.....	39
Animaladas.....	40
S. Xosé 2007.....	41
A camelia.....	42-44
Sorte.....	45
Visita a Caixa Galicia.....	46
Visita ao museo.....	47
Lembrando a Cela.....	48
Humor.....	49-51
O bufón do rei.....	52
As lérias de Alicia.....	53-54
Aventura na biblioteca.....	55
O noso maio.....	56
Letras galegas.....	57-58
García Teijeiro.....	59
O Correlingua.....	60
Biblioteca.....	61
A península na Idade Media.....	62
A festa dos oficios.....	63
Saída a Tui.....	64
Xafi felicita.....	65
Orla alumnos 6º.....	66
Xogo da Camelia.....	67





(Saúda do presidente da Xunta para o Concurso da Camelia organizado polo CEIP Campolongo)



Entre as moitas riquezas importadas do lonxano Oriente, chegou a Galicia, hai máis dun século, unha das flores máis fermosas do planeta. Nos xardíns do país, e de maneira sobresaínte nos das Rías Baixas, a camelia é obxecto de mimo polos floricultores e de admiración polos que a contemplan. Como presidente da Xunta, non podo máis ca congratularme da consolidación de iniciativas que, como o Concurso da Camelia organizado polo C.E.I.P. Campolongo de Pontevedra, veñen render homenaxe, un ano máis a unha parcela da nosa cultura.

Porque cando festexamos a camelia, estamos tamén seguindo os pasos de homes e mulleres de letras como Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández

Flórez, Álvaro Cunqueiro e mesmo Federico García Lorca, atoparon inspiración nesta planta de inmenso valor ornamental.

De xeito persoal, como pontevedrés quero expresar a miña felicitación máis cordial aos promotores desta actividade, que terá como marco ademais un lugar, Campolongo, do que gardo un recordo especial.

Se é certo que a camelia forma parte das nosas paisaxes, non o é menos que as súas cifras de produción -case medio millón de unidades ao ano- a converten nun elemento de relevancia para a nosa economía agraria.

Pero a celebración do Concurso da Camelia no eido dun centro de ensino ten outra dimensión importante que non debe pasar desapercibida. Cando unha comunidade educativa como esta trascende os límites do estritamente académico e interacciona coa sociedade na que se inserta e proxecta nela os seus logros, está a demostrar sen dúbida un alto grao de comprensión do seu cometido.


Por ese motivo, así como por contribuír dun xeito tan positivo á posta en valor dun elemento prezado do patrimonio común dos galegos, quero reiterar a miña felicitación ao CEIP Campolongo pola organización, por quinto ano consecutivo, do Concurso-Exposición da Camelia, e facela extensiva a todos aqueles que contribúen ao seu enaltecemento.

Un cordial saúdo.

*Me saúdo así cordial*

Emilio Pérez Touriño  
 Presidente da Xunta de Galicia





# O CONFLITO

-Que conflito tiñan estas castañas,  
pois non sabían se ían estar  
nun cocido ou asadas

Pois non sabían que a pataca xa existía,  
e a metade dicía:  
nun cocido e as outras;  
¡Asadas!

¡Que para iso somos castañas!

Nun magosto acabaron,  
asadas as tomaron  
antes de morrer o comprobaron.

¡As castañas

cómense asadas! Marta Davila 5º A

# O outono ten sono



O outono ten sono  
non pode durmir  
ponlle unha mantiña,  
unha mantiña  
para ser sereno e feliz.

Outono farturento  
noces e castañas.

Outono frío  
choiva e vento. Andrea Reboredo 5º B



## VISITA Á PANADERÍA ACUÑA



Hare fomos ca casa a unha panadería. Condo chegas a entrarmos na almacén de canela, había dúas tipos de fornos: forno normal e forno forte, tamén había moais, abelás, etc... Despois fomos ao almacén de papel no que había rolos de papel, e fomos á última almacén de cortín que tiña moita cortín.

Tamén vimos como as señoras facían cada masa a pan en as pastéis. Despois nos deron a masa e forno para facer pastéis, e nos deron croissants de chocolate.

Un señor ensinou a caldeira e a forma onde facían churras, pan e tartas. Tamén había algunhas máquinas que servían para moer e triturar a masa. Pasamos pola tenda onde venden a pan, churras e pastéis.

Había un mastrodor onde atendían a xente que ía comprar.

Condo nos marchamos nos deron unha barra de pan e tamén nos deixaron levar un pouco de masa e un gorro de cor branca. Pasándo moi ben!

Catuxa Ardón 3º A

Sara Pereira, Irene Piñeiro, Elena Rodríguez, Gemma Sánchez, Iago Valiño, 5º C



## Concerto Didáctico

Onom, día 16 de outubro, O Gaitero de Moaña Xavier Blanco presentou o seu último disco "Gaitas tradicionais" ofrecendo un concerto aos alumnos da escola CEIP Campolongo.


Xavier Blanco é mestre Gaitero no concello de Moaña, Mestre de Artesanía de instrumentos tradicionais galegos e Técnico en Cultura Tradicional.

Ten outros traballos discográficos editados.


Os instrumentos que presentou explicáronnos que case sempre están relacionados coas festas e os labores do agro. Gran empregados pola parte de poucos tecidos e son instrumentos feitos con cousas de traballo: unha foice, a testa dunha coceteira, un caldeiro, unha trepa, a gaita de conso, un coque, unha coxina, unha gaita, unha tábua de lavar a roupa, unha lixeira, un galego,...




# VIDA E MORTE NO ANTIGO EXIPTO



Pirámide Kheops.



Estatua de Ramses III.



Faraón Akhenatón.



Sarcófago real.


O catro de novembro tivemos unha excursión a Caixanova. Non foi tan espectacular como eu imaxinaba, pero, aínda así foi entretida.

Empezamos vendo tumbas e acabamos vendo un vídeo, gustoume máis o vídeo pero facíase pesado. O Antigo Exipto non é como agora, era máis importante. Había varios deuses e o máis importante era Osiris o deus do Sol.


Cando os Faraóns morrían gardaban o seu corpo nun sarcófago e o sarcófago gardábano nunha pirámide. As pirámides eran grandes construcións (enterramentos) que se facían conmemorando ós faraóns. Os sarcófagos e onde depositan o seu corpo unha vez quitados os seus órganos, os sarcófagos máis adornados son os dos faraóns.



Anverso da máscara de Narmer



Sarcófago real.




Máscara funeraria.

Félix García Pérez 5º B



## TAMÉN FOI NOTICIA



## O FURACÁN GORDON EN GALICIA

O FURACÁN GORDON AMÉAZABA CON ARRASAR AS COSTAS GALEGAS

RETRASARON OS VOOS POR MOR DOS RESTOS DO FURACÁN GORDON.


O OUTRO DÍA UNS PASAXEIROS QUIXERON VOAR A VIGO E A MADRID PERO NON PUIDERON.

AS COMUNIDADES CORUÑESAS FORON AS MÁIS AFECTADAS POLOS DANOS MATERIAIS.

O FURACÁN "GORDON" FIXO QUE A XUNTA DE GALICIA EMPREGASE A ALARMA DE FURACÁNS.

REFACHOS DE VENTO DE 80-90 KM/H E ARBORES ARRINCADAS.


TELLADOS DAS ESCOLAS E CASAS ARRINCADOS, CABLES DE ELECTRICIDADE ROTOS, E CHUVIAS MOI FORTES. 3° C







## OS REIS MAGOS EQUIVOCANSE COS REGALOS



Era a noite de Reis e Melchor, Gaspar e Baltasar ían percorrendo as casas. Estaban moi cansos porque tiveran moito traballo. Levaban as cartas de todos os rapaces nun saco. De súpeto Melchor preguntoulles aos seus amigos:

-¿Cantos nenos faltan?

-Só falta Sofía- respondeu Baltasar.

-¿Por que o preguntas de novo? ¿Non te terás confundido outra vez?- dixo Gaspar.

-Non, non. Aquí levo o avión teledirixido. Estou seguro de que o pediu na súa carta. Ollade: "Queridos Reis Magos:

este ano portei-me moi ben e por iso vos quero pedir unha cociniña..."

-¡Oh! ¡Que despiste!, a cociniña deixei-la a Carlitos.

¿Que pasará mañá cando obran os agasallos?

Ao día seguinte nas casas dos nenos...

-Mirade o que me trouxeron os reis magos: ¡unha cociniña!

O que eu pedía todos os anos e non mo daban.

¡Por fin podo facer as comidiñas para os meus "Action-Man", e para os meus "Pokemon"!

-exclamou Carlitos.

E, ¿a que non imaxinades o que pasou na casa de Sofía?

-¡Non o podo crer! ¡O avión que eu sempre quixen para que as miñas "Barbies" poidan viaxar!. Moitas grazas Reis Magos.

E, Melchor, que estaba observando todo díxollo aos seus amigos:

-Ás veces equivocarse é bo. ¿Non credes?

Gaspar e Baltasar responderon:

-Se ti o dis, que fuches o que se equivocou...

E os reis continuaron a súa viaxe para Oriente.

Melchor ía gritando ¡hou, hou, hou!

-¡Que día leva Melchor. Pensa que é a Santa Claus. O pobre vai vello.

Beatriz Martín Herrero 4º A



# A PRINCESA E AS SEIS PROBAS



Nun país de moi lonxe gobernaban o rei Lambri e a raíña Edelina. Tiñan unha filla chamada Margarida. Ela, era a herdeira ao trono de Midelbiur. Margarida tiña doce anos e moitas amigas, pero as mellores eran Ana e María. Ana era a princesa de Tritón, e María a princesa de Telop.

Dous días máis tarde do seu aniversario seu pai díxolle que tiña que facer seis probas para ser raíña.

A primeira sería coller un peixe dourado no gran río Silverfin. Margarida conseguiu coa axuda da súa amiga Ana, que a agasallou cun submarino polo seu aniversario.

A segunda proba era subir ata o punto máis alto do país, a gran montaña nevada. A Margarida custoulle varios días, pero conseguiu.

A terceira eran a máis doada de todas. Tratábase de meterse na piscina do pobo en traxe de baño, que para unha persoa normal non tería problemas, pero para unha princesa moi sensible, sería como un castigo. Pero logrouno.

A cuarta proba consistía en loitar cun xigante, que resultou ser un globo moi grande con figura de home. Sô tivo que estoupar o globo, e proba superada.

A quinta proba era ir á casa da vella bruxa chamada Marulla, que era moi mala persoa.

Cando chegou a aquela casa díxolle:

-¡Marulla!, ¡Marulla! ¿onde estás?

-¿Quen é? ¿Quen é?

-Son eu, a princesa Margarida de Midelbiur.

-Síntoo moito, Marulla non está, eu son a súa irmã, chãmome Maruxa.

-¿Que queres?

-Veño facer uns traballos, díxolle a princesa.

-Pois entón toma este cocido e se o tomas todo poderás marchar e dareiche sobremesa.

Facendo esforzo por comer o cocido dixo a princesa:

-Comereino pero so pola sobremesa.


Así a princesa comeu todo o cocido.

Na sexta e derradeira proba, un dragón malvado raptou á princesa e tñaa presa nunha cova secreta, onde a tivo sen comer e beber. Cando a princesa estaba a piques de morrer, de súpeto, apareceron as súas amigas Ana e María, quen lle pegaron e botaron fóra ao dragón. Entón Margarida deuse conta de que non quería ser raíña se non estaba coas súas amigas.

Ensinanza Moral: Hai que ter amigos, son moi necesarios.

Andrea González Otero 5º B





# TRABALLANDO PARA A REVISTA ESCOLAR



4ª Cecilia Valinas Lorenzo






## Visita á depuradora do río Lérez

O día trece de febreiro o alumnado de 6º curso fomos á depuradora do río Lérez. Unha traballadora deste sector explicounos tódolos pasos que segue a auga desde que chega á depuradora ata que queda limpa.

Primeiro o fixo a través dun panel no que aparecían tódalas instalacións e despois ensinóunolas. Mentres ás observábamnos íanos contando o proceso:



.A auga chega procedente dos ríos , encoros... métese nunhas cámaras, e cunhas máquinas remóvena para que solte as substancias inservibles. Despois pasa a outra cámara na que sae aire desde o fondo e os residuos elévanse, comprímense e quedan sólidos.



.Noutra cámara as partículas deposítanse nunha capa de area.

.Cando a auga xa está limpa pasa á cámara de cloración e así xa se pode subministrar a tódolos usuarios.

**Clara García e Pablo Gómez**  
**6ºB.**



# ANIMALADAS

Título: Lara e Cecilia



O inverno é moi frío en Lalín  
e cara alí vai o despistado piguión.

As galiñas de Marcoín  
comen millo a mogollón.

Em Ferrol un verdedo  
está a cantar coma un tolo.

Na figueira de Ortigueira,  
pousouse unha lavandeira.


Unha bubela foi a Pontevedra  
e quedou atrapada nunha hedra.

O merlo lambón foi a Seixo  
e volceu comendo queixo.




Os ratos de Paradela  
comen moita mortadela.

Raquel Liste, Xosé Cobisín, Maite Cachafeiro, Carme Draujo,  
Carme Esteban, Lorena Ogando e María Bará

4ºA



Ilustracións: Lucía Martínez.



Ilustracións: Cecilia Valiñas.






Fixemos debuxos para a exposición  
concurso de **SAN** carteis.

# SAN


# XOSÉ

# 2007



DIEGO 2º





Os días 13,14 e 15 de Marzo celebrouse no noso colexio o "V CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA", onde todos os nenos e nenas participamos cos nosos traballos relacionados con esta flor tan fermosa.

Falemos dos traballos que realizamos todos nós. O gañador da miña clase foi Xabier, que trouxo unha caixa co fotos das camelias; camelias feitas de plastilina e unha poesía. Adriana trouxo un xogo de oca inspirado na camelia, camelias de verdade, etc. Eu participei con fotos e un debuxo.

Cando rematou a exposición, recollemos os nosos traballos e proxectos e os gardamos como recordo. Hoxe, moitos días máis tarde, púxenme a escribir esta redacción para a revista.

Luís Fariña Lázaro 30 A




# A CAMELIA



A camelia é unha dama  
que chegou de Oriente  
pétalos espelidos e cor reluciente.  
unha flor dunha grande beleza,  
A filla predilecta da nai natureza,  
tan delicada fermosa e xentil  
que nos xardíns atópanse mil.  
Pode ser branca, xaspeada, vermella e rosa  
pero seguirá sendo igual de fermosa.

Mariño F. Fernández Cambeiro 6º C





CAMELIÑA, CAMELIÑA  
 CAMELIA DE DOCE MEL  
 QUE NOS DÍAS DE CHOIVA RI  
 E NOS DÍAS DE SOL TAMÉN.

SEMPRE TAN CONTENTIÑA,  
 PENSANDO NAS SÚAS COUSAS  
 A RAIÑA DE TODAS AS FLORES  
 MÁIS PERFECTA QUE AS ROSAS.

O SEUS LISOS PÉTALOS  
 FAN DELA UNA FLOR ESPECIAL  
 DÁLLE COR AOS LINDOS CAMPOS  
 ATA A UNHA TRISTE MATOGUEIRA.

AI, A MIÑA CAMELIÑA  
 QUE FARÍA EU SEN TI  
 SEN A TÚA CONSTANTE ALEGRÍA,  
 SEN AS TÚAS GANAS DE SEGUIR.





## SORTE

Nun colexio chamado C.E.I.P. Campolongo había unha nena chamada Elsa que se lle daban moi mal as Matemáticas e tiña que facer un exame ao día seguinte.

Cando chegou á casa traía moitos deberes, aparte debía de estudar para o exame. Terminou de facer os deberes e notou un cacaxo xigante entre as Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega e Coñecemento do Medio que, decidiu saír a dar unha volta para despezar a mente.

Durante o paseo pasou polo medio dun campo de papoulas, que era a súa flor preferida; cortou unha para cheiralas. Aquela papoula que cortou Elsa non era unha papoula calquera, era unha papoula máxica que podía falar e daba "dons". Entón díxolle:

-Bos días Elsa. Decateime de que mañá tes un exame de Matemáticas e que non se che dan moi ben que digamos.

Elsa respondeulle:

-É verdade, non sei quen cho dixos, pero estás no certo. Lévame a túa casa; ao mellor podo botarache unha man.

-Claro, agora mesmo imos.

Cando chegou á casa díxolle:

-Podo darache un "don", o "don" das Matemáticas, e se che darán de marabilla, marabillosa.

-Vale, logo probamos.

...Sine mine Elsa bonita, que se che dean ben as matemáticas, como unha señorita, eques...





A papoula empezoulle a preguntar cousas do libro e a todas as preguntas contestaba ben. ¡O concuro funcionara!

Ao día seguinte fixo o exame de Matemáticas e para ela estaba chupado.

Unha semana despois a profesora deu as notas do exame, e dixo:

-Elsa un dez. E nese mesmo intre a papoula apareceu na ventá da clase e quíndoulle un pétalo vermello a Elsa.

Andrea Menéndez del Campo 5º B








# Lembrando a Camilo José Cela

Fai cinco anos do pasamento de C. José Cela. Foi o 17 de xaneiro do 2002 e tina 85 anos. Nado o 11 de maio de 1916 en Iria Flavia. En




1934 comera os estudos de medicina e outras dúas carreiras pero abandoa. Casa con María del Rosario e pouco despois nace o seu fillo.

Entre o 36 e o 38 escribe "Pisando la dudosa luz del día" o seu primeiro libro; no ano 1942 publica a familia de Pascual Duarte; "El Viaje a la Alcarria" en 1948; "La Colmena" en 1951; "San Camilo" en 1969 e "Marruca para los muertos" en 1983.

O longo da súa vida recibiu moitos premios:

"Premio Nacional de Literatura" en 1984, no 87 "Principe de Asturias", no 88 medalla Castela da Xunta de Galicia, no 89 o Nobel de Literatura. En 1995 deronlle o Premio Cervantes.










A fundación que leva o seu nome inaugurouse en 1991.






# ★ O BODE ★ CLETUS ★



6-B  
Pablo Gómez e Pablo García





# A Fogueira sabe moitas cousas.



<p>¡Ola, forasteiro!</p>	<p>Fagamos lume, val moito frío.</p>	<p>¿Comos te chamas?</p>
<p>¿Xogamos ás Illas Molucas?</p>	<p>Voucho explicar: Eu intentei xogar...</p>	<p>A isto, poder xogar todas menos os Intelixentes</p>
<p>Eu por iso non podo...</p>	<p>Pero se che digo a verdade encantariame</p>	<p>¿Fasme caso ou non? ¿eh?</p>
<p>Cando chegues as illas tes que saudar</p>	<p>¿Queres ir? Eu penso que se che dará ben, meu</p>	<p>¡Entón despídeme! ¡Pásao ben co xogo, gañao!</p> <p>¿Lómasme por parte? BONIAIO...</p>

Verónica Martínez Ahijado, Claudia Lorenzo García-Dastra e Paula Rey Fernández.







O

# BO DE JAIMICIO.

¿Podes axudar a  
jaimicio a  
saír...?

ALFONSO  
JAIMÉ  
RAFAEL  
6º B




... da última  
das guías  
empañadas mentis.





# O bufón do rei



Fai moito tempo nun país afastado, vivía un rei moi rico que se chamaba Luís Mariano V. A súa muller estaba moi preocupada porque nunca se ría e sempre estaba triste. A Dona Eloisa, que así se chamaba a raíña, ocorréuselle chamar a un bufón.



Encontrou un que se chamaba Augusto. Cando o bufón chegou o castelo, a raíña díxolle que contara un chiste. O bufón dixo:

-Vaí un caracol e derrapa...

A raíña díxolle que non había pasado a proba e tiña un día para mellorar.





Augusto foise á súa casa moi decepcionado e seguiu pensando un chiste, pero de súpeto veulle á cabeza unha cousa. Podía facer malabares con bolas. Colleu unhas do seu soto e empezou a practicar. Saiulle moi ben, e ó día seguinte foi ó castelo e díxolle a raíña:

-Traia ó rei, que teño unha cousa preparada. A raíña lle fixo caso e trouxo. O rei sentouse. Augusto empezou a facer malabares e o rei dixo:

-iÉ fabuloso, fantástico! Ó rei gustoulle tanto que o fixo o bufón oficial do seu reino.

Así Augusto converteuse no bufón real.



FERNANDO ESTÉVEZ SANTOS 5º B





# As lérias de Alicia Armenteros Arca

Ali, eu chámome Ali,  
Alicia pódeme chamar,  
sempre que haxa música,  
eu poñereime a bailar.

Eu son Marco,  
estudo moito e moi ben,  
pero no concurso de facer parvadas  
e raro se non me ven.

O meu nome é Helena,  
escribo xenial,  
Pero coas miñas compañeiras,  
O único que fago é falar.

Ai Martiña, Martiña,  
pero que lista son,  
axudar as miñas amigas,  
fai-me moita ilusión.

A min, chámame Javi,  
o mais gracioso do lugar,  
nunca paro quedo,  
sempre que podo, póñome a saltar.

Eu chámome Ainhoa,  
e non paro de rir,  
o meu truco para ter boa imaxe,  
é estar sempre feliz.

Podes chamarme Joaquín,  
ou podes chamarme distinto,  
Pero aínda que sexa moi trapalleiro,  
estou sempre sorrindo

O meu nome e Irene,  
Esteban a continuación,  
levarme ben con todos,  
é a miña vocación.

Eu chámome Olga,  
Olguiña váleme igual,  
son tan boa persoa,  
que fago o ben, ata co mal.

Jose é o meu nome,  
inda que me chamo José Luís,  
ando sempre a pasear  
cando teño que estudar.

Xiana, eu chámome Xiana,  
viaxo moito, moi lonxe de aquí,  
pero no meu rostro sempre vas ver,  
as mesmas ganas de sorrir.

¡Álvaro eu son Álvaro!  
Pero chámome Cochón,  
inda que faga moitas faltas,  
teño un bo corazón.





# As lérias de Alicia Armenteros Arca

O meu nome e Inés, sempre  
correndo de diante a atrás,  
se aquí non hai festa,  
aquí xa non me verás.

O meu nome é Marín,  
Castro vai despois,  
en música non se me escoita cantar,  
pero se me enfado me poño a berrar.

A min chámame Alejandro,  
na clase acostumo a interromper  
pero no patio de recreo,  
se merendo aínda podo sobrevivir.

Aarón Barreiro Barreiro,  
nunca levo sombreiro,  
¡Non te asustes esaxerado!  
o pantalón aínda o levo amarrado.

Raquel Dapena García,  
gústame sorrir cada día  
e se se ve o meu aparello,  
dá igual non é para tanto.

O meu nome é Sándor  
ando sempre a facer o parvo,  
fai pouco cortei a guedella,  
pero para peiteala iunha mañá enteira!

Cristina Balchada Branco,  
cando está triste sinta nun banco,  
e se hai unha pedra nel,  
vou a por outro a ver se vai ben.

Eu chámome Álvaro Escobar,  
en clase escóitanme cantar,  
estou acostumbrado a cociñar,  
un arroz con bacallau para cear.

A min chámame Calixto  
sempre ando a corrixir,  
pero xa teño ao lado unha nena,  
que xa non me pode rifar.

Eu son María Aparicio,  
e por suposto son de Madrid  
¡Por certo, do meu apelido!  
Ninguén se ten por que rir!

Eu chámome Óscar  
e unha cousa terei que comentar,  
na casa quedaron os deberes  
¡unha vez máis.

¿E que pasa comigo?  
¡Estaba diante do rapaz!  
pois agora me presento,  
son Irene, e xa está.

5º A





## AVENTURA NA BIBLIOTECA

Son unha rapaza de dez anos e desde que era unha cativa gústame moito a lectura. Leo en calquera parte, pero prefiro facelo na biblioteca. Alí sintome moi ben porque estou rodeada de libros e podo erguerme e coller un e ler un pouco; logo elixir outro e ver as ilustracións. Ademais todo está en silencio.


Un día ocorreu algo moi estraño cando eu estaba a ler "As bruxas" de Roald Dahl. Metinme tanto na historia que fun co protagonista e a súa avoa á vella casa en Kent. Alí coñecín ao seu amigo Timmy e axudeilles a construír o seu caseto nunha árbore. Deume moita mágoa cando a avoa enfermou, porque era moi boa. Fun con eles de vacacións ao hotel do Sur de Inglaterra. Gustábame acariñar os seus ratos Guiller e Mary. Pasei moito medo cando vin a cara da Gran Bruxa e especialmente cando empezaron a cheirar a "caca de can".

Tamén sentín pena cando as bruxas convertiron ao meu amigo en rato, pero a el non lle importaba porque podía facer unha chea de cousas: agacharse nos buratos, correr coma un bólido, dar pinchos; e ademais el sempre dicía o seu lema: "Tanto ten quen sexas ou que aspecto teñas mentres alguén te queira". Intentei axudar ao rato a vencer ás bruxas, botando o "ratonizador" no puré para que non o cachasen e estiven a piques de conseguilo, pero tiveron que saír da historia pois xa era a hora de pechar a biblioteca.


Esa tarde sentínme feliz porque estaba a vivir unha aventura marabillosa. Ler é guai!!

TEXTO: BEATRIZ MARTÍN HERRERO


4ª ILUSTRACIÓN: LARA PARADA SÁNCHEZ







# O noso maíó



Bos días para os presentes  
que nos queiran escoitar  
somos os de Campolongo  
os mellores do lugar.

Escoitade o que dicimos  
temos moito que falar  
das cousas que xa pasaron  
e das que están a pasar

As escolas do concello  
precisan reparación  
quen teña que procuralas  
que lle dea solución.

Polas rúas da cidade  
non se pode circular  
todas cheas de escombros  
non hai sitio para andar.

Da escola de Campolongo  
tamén imos a falar  
se a mirades por dentro  
esta fea sen pintar.

A porta da nosa clase  
está feita un cangallo  
ninguén pode arranxala  
porque da moito traballo.

A biblioteca por obras  
estivo tempo pechada  
e os pobriños dos libros  
coa boquiña pechada.

Anda o cuco polo ceo  
guindando cantos aos nenos  
quere anda-lo noso maíó  
¡Ai que cuco tan paverol.

E os ecos xa se escoitaron  
por enriba do colexio  
foran copras retranqueiras  
facendo bicos no vento.

# SO B





## LETRAS GALEGAS 2007

### MARÍA MARIÑO CAROU



#### A HISTORIA DA NENA COSTUREIRA QUE CHEGOU A SER ESCRITORA

Nacida en Maio de 1907 en Noia nun fogar moi humilde, tivo que deixar a escola para axudar na casa traballando como costureira; ese feito foi moi duro para una nena a quen lle gustaba moito aprender cousas novas.

A súa gran oportunidade chega cando a súa tía herdou o pazo de Goiáns no que había unha gran biblioteca e na que ela leu moitos libros.

A súa vida foi un ir e vir dun sitio para outro xa que despois duns anos trasládase a Biscaía, a casa da súa irmá. Alí é testemuña do ataque á vila de Guerníka e deixa constancia de ser unha muller moi valente durante a guerra. Antes de que esta remate volve a Ría de Arousa, onde monta un parvulario e coñece o seu marido Roberto Pose, mestre santiagués, co que casa en 1939. Como o seu marido era máis novo ca ela quítase anos; pois non estaba ben visto nesa época.

A morte do seu fillo e da súa nai lévana a unha gran depresión xa vivindo no Courel. Alí coñece o escritor Uxío Novoneyra con quen mantén unha boa relación, sendo este quen lle axuda a publicar "Palabra no tempo" un libro de setenta poemas dividido en tres partes nas que fala das circunstancias determinantes da súa vida, do diálogo que establece coa natureza e a comunión que fai con ela.

Cando a fortuna literaria lle sonría cae enferma, sendo desta época o libro "Más allá del tiempo" publicado neste ano 2007. Próxima a súa morte escribe "Verba que comenza" na que mostra as diferentes caras da escritora ante a morte.

CLARA GARCÍA FORMOSO 6ºB





## Antonio García Teijeiro

Naceu en Vigo no ano 1952.

Estudou en Pontevedra na escola de Maxisterio, e xogou catro anos no Teucro. Empezou a escribir con 16/17 anos.

Agora é mestre en Vigo e segue sendo escritor. É colaborador de todos os xornais de Galicia. Ganou o premio Medín en 1996 coa obra de poesía "Na fogueira dos versos". Na súa escritura influíron Juan Ramón Jiménez, Rafael Alberti e Federico García Lorca. Rafael Alberti axudoulle moito, foi o seu empuxe para escribir poesía para nenos.

Antonio García Teijeiro di que para escribir ben hai que seguir os seguintes pasos:

1º: leer moito.

2º: imaxinar, ter os ollos ben abertos, cos oídos atentos...

3º: Un diario ben escrito, con anacos de varios poemas...

4º: Volver a ler o que escribir, e ir corrigindo.

Chove nos versos é un libro que lle gustou moito e empuxouno a escribir a masa que ten a choiva, a impermeabilidade das cousas molladas, e a imaxe de Eلسو Miguez Ferrero que lle deu un empuxoín. As poesías deste libro gustáronos moito cando as traballamos na clase.

Gema Sánchez 5º C



# correlingua 2007



Este ano o correlingua celebrouse o día 16 de maio, véspera do día das Letras Galegas. A Pontevedra tócoulle ser a última provincia galega que participaba. Desta vez levouse o lema "galegando".

Para os alumnos de 3º e 5º curso que participamos, foi un orgullo representar ao noso colexio.

Sáímos do cole cunha camiseta que poñía correlingua e tamén levábamnos colgados uns carteis con poemas de Antonio García Teijeiro que xa leramos na clase.

Fomos cara a Praza da Ferrería porque era o punto de encontro cos demais colexios que participaban.

Alí, esperábanos o alcalde, que nos dedicou unhas palabras antes de comezar a marcha polo casco antigo da cidade, por onde fomos moi contentos gritando o nome do noso colexio.

Rematado este percorrido volvemos á Ferrería onde nos agasallaron cunha merenda composta por unha mazá, auga e manises, e tamén cun mini concerto do Xabarín Club. ¡Foi un día fantástico! Espero que o próximo ano volvamos ir.

Manuela Muiños Pérez 5º B



## Lembrando as Letras Galegas: "A festa dos oficios"



O pasado vinte e tres de maio, o alumnado de 5ºB, -despois de tantos ensaios- íao fin!, íamos representar a obra de teatro "A festa dos oficios" no colexio de Campolongo.

Ese día todos os alumnos e alumnas estabamos ansiosos porque chegara a unha da tarde e actuáramos diante de todo o colexio. Nas tres primeiras sesións tiñamos dentro un frenesí de nervios, pero todo se tranquilizou coa saída ao recreo e comezar a xogar.

Despois do recreo chegou a parte máis forte do día: cambiarse de roupa e actuar. Pero, "o primeiro do primeiro": o de cambiarse a roupa. Todos os nenos apertábanse no aseo dos nenos, e as nenas, no aseo das nenas.

Algúns levaban os traxes de galego e galega tradicional, outros levaban a roupa da feira franca, outros non foron, a maioría levaba roupas variadas que foron pedindo e un foi en roupa de deporte normal. Logo chegou o momento da actuación. Xa vestidos dirixímonos ao patio de recreo do 2º ciclo. Alí estaba todo o colexio e nos detrás do panel que estaba situado no palco. O profesor puxo a música e saíron os narradores, logo o muiñeiro, os bolechas, o afiador e a súa muller, a pandereiteira e o seu marido, a muller do muiñeiro...

A obra non sei se nos saíu moi ben, pero aplaudíronnos moito e felicítáronnos e xa temos apalabradas máis actuacións.

ISABEL GARCÍA GARCÍA 5º B



# VISITA CULTURAL A TUI




O catro de Xuño fomos a visitar Tui, leváronos en autobús. Tardamos unha hora en chegar.

Visitamos o Río Miño en barco, antes de comezala viaxe puxéronos un salvavidas, logo bautizáronnos coa auga do río Miño, que colleron entre a ponte nova e a vella. O barco chámase "Cabo Fradera", é un patrulleiro. Despois déronnos un diploma de bautismo de mar. Máis tarde fomos á catedral, pero non nos deixaron entrar. A unha e media chegamos ao Monte Aloia, comemos e despois xogamos co balón dunha amiga, de seguida fomos ao miradoiro. !Vaia vistas !.

Tamén nos levaron á casa do parque natural ; alí había unha colmea de abellas no tellado. Despois vimos unha película sobre o monte e fixemos un xogo, logo collemos o autobús e volvemos á casa.

Alberto Gay 3º A





## XAFI FELICITA:

FELICITA E DESPIDE AOS ALUMNOS /AS DE 6º POLO

MOITO QUE AXUDARON NAS ACTIVIDADES DA

BIBLIOTECA.

¡ PARABÉNS A TODOS /AS QUE SE ACHEGARON A ALIMENTAR A SÚA MENTE E ABRIR AS PORTAS A SÚA IMAXINACIÓN!

## OS QUE MÁIS LERON:

MARTÍN MOREIRA RIVAS  
 EVARISTO SCHIPPER SOLIÑO  
 TANIA CANABAL SOLIÑA  
 NOA DÍAZ FARIÑA  
 SILVIA PELETEIRO CORREDOIRA  
 HELENA MARTÍN HERRERO  
 CARLOTA MENÉNDEZ DEL CAMPO  
 CARMEN GARCÍA ABONJO  
 BEATRIZ MOREIRA RIVAS  
 DANIEL ÉSTEVEZ FENÁNDEZ  
 MARTA NÚÑEZ CHANTADA  
 PATRICIA COCHÓN MALVAR  
 AINOHA SOUSA FERNÁNDEZ  
 MARIÑO FABEIRO CAMBEIRO  
 MARTA FERRÍN CASTRO  
 RUBÉN FRAGA RIVERA  
 DAVID FUENTES ABALO  
 MARIA MEMBRIVES MIRANDA  
 MARTA SANMARTÍN LÓPEZ



MENCIÓN ESPECIAL OS ALUMNOS/AS DE 4º B, POLA


PARTICIPACIÓN EN TODOS OS TEMAS MONOGRÁFICOS DA

“BIBLIO”: MEDO, AUGA, ABRIL DOS LIBROS E LETRAS

GALEGAS.



# CEIP "CAMPOLONGO"




## 6º PRIMARIA

Adeus a os vosos compañeiros de 6º

2006




PONTEVEDRA

2007







A.I.J.W








Abó corazón do teu sorriso  
deixo nesta primavera  
polas beiras da ledicia  
un corazón de camelia.



Abó corazón do teu olhar  
deixoche tinguidos pétalos  
doce recendo de infancia  
na memoria dos silencios.



Abó corazón do teu recordo  
deixo este ramo de flores  
cos estames das lembranzas  
en bicos cheos de cores.

